



Faite socia

Cultura / Santiago

# 'Pánico no museo': a autoconsciencia desde a sensualidade de María Meijide

Praza Pública @prazapublica

mércores 25, xaneiro 2023



A artista plástica María Meijide © María Meijide



**Socializar a lectura: "No club todos aprendemos moito uns dos outros"**

sábado 21, maio 2022

**"En Asia hai unha pulsión de vida, Europa está máis morta... O futuro non está aquí"**

venres 18, decembro 2015

**A memoria dos meus pasos: os lugares da novela**

domingo 3, setembro 2017

**María Meijide mostra o seu "diario expandido" na Fundación**

## Eugenio Granell baixo o epígrafe 'Pánico no museo'. Unha vintena de pezas que conforman "unha colección que parece conectar coa realidade a través dunha mirada hedonista e íntima"

A artista plástica **María Meijide** ten despregada na **Fundación Eugenio Granell**, na praza do Toural de Santiago, unha especie de "gran diario expandido". A mostra ***Pánico no museo*** está vencellada ao ano de residencia artística que ofrece a entidade e do que foi beneficiaria o ano pasado. Nunha viaxe cara a súa propia forza interior, a exposición contén, en palabras da artista, "unha pintura furiosa e alegre que nos convida ao presente".

Trátase de "máis dunha vintena de pezas, case todo pintura acrílica con algo de acuarela e óleo, conforman unha colección que parece **conectar coa realidade a través dunha mirada hedonista e íntima**". *Pánico no museo* funciona como un título reclamo, case surrealista, un *slogan* que pregunta: que sucede?



Meijide cuberta por exemplares da súa 'Autobiografía cuantificada', editada por Tulipa © María Meijide

Nun **alegato á sensualidade**, unha peza luminosa en neón sentencia: "Todos mis amigos me ponen cachonda" e nunha das salas pode verse un gran cadro dunha muller espida –a nai da autora–, que le tranquilamente un periódico.

A exposición pode visitarse **ata o 29 de xaneiro** na sede da Fundación Eugenio Granell e para despedila a artista organiza para **o venres 27 dúas visitas guiadas** de balde: unha ás 12:30 horas e outra ás 18:30 horas.

### **A artista organiza para o venres 27 dúas visitas guiadas de balde á exposición**

María Meijide editou en 2014 unha cartografía emocional de Compostela, xa icónica,

e ten creado varias publicacións como *Galipop, un caderno de hoxe e de sempre* (2020). Recibiu en 2021 o primeiro Premio 'Jesús Núñez' de Arte Gráfica e mantén [o seu obradoiro visitable no Tournal](#).

Nesta viaxe á autoconsciencia Meijide tamén vén de publicar o libro ***Autobiografía cuantificada ou que difícil é ser María Meijide***, editado en galego por Tulipa Editorial, que define como "unha especie de formulario de representación onde a lectora tamén pode escribir. É unha especie de peza de texto e arte conceptual que segue a liña hedonista e íntima da pintura, e ofrece tamén a posibilidade de enviar os textos e participar nun proxecto autobiográfico de publicación colectiva infinita".

**lameiji**

Fundación Eugenio Granell

[Ver perfil](#)

todos mis amigos me ponen cachonda

[Ver más en Instagram](#)**184 Me gusta****lameiji**

Neón led sobre metacrilato, 2022

Peza que da título a serie de retratos que aínda podedes ver na Expo: Pánico no museo, ata este sábado 28 as 14.30!!

Fotón de [@ramonyoshimura](#)Execución de ecorotuloeimagen [@juan\\_da\\_lus](#) encargaille un neon!

[#neon](#) [#amigos](#) [#artecontemporanea](#) [#artegalega](#) [#art](#) [#luz](#) [#texto](#)  
[#portraitpaintings](#) [#led](#) [#sensualidade](#) [#naranja](#)

[Ver todos los comentarios](#)

Añade un comentario...